



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 12 DE DECEMBRO DE 2013

LICENZAS

LIC/111/2012.- ISABEL ROMERO REY.- Conceder licenza para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar en Lg. Pardiñas, 30.

LIC/100/2013.- MARÍA JESÚS SEIJO VILLAMOR.- Conceder licenza para construción de porche e garaxe e arranxo de tellado en Lg. Esquipa, 21.

LIC/1601/2013.- CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. SECRETARÍA XERAL DE CULTURA.- Conceder licenza para reparación da cuberta e canlóns na Rúa Domingos de Bonaval, 1 (Museo do Pobo Galego).

LIC/1626/2013.- FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder licenza para retirada do revestimento de bóvedas en mal estado na Praza do Obradoiro, 3.

3 a 56.- Propostas da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles.

Apróbanse os beneficios fiscais solicitados.

57.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e do director dos CSC, Participación Cidadá e Xuventude, relativa á aceptación da cesión dun piano para o centro sociocultural de Santa Marta polo período dun ano prorrogable.

Apróbase a devandita cesión. Os custos derivados desta cesión correrán a cargo da Concellería de Centros Socioculturais, en concepto de transporte e afinación, traballos que se realizarán pola mesma empresa que os fai para o Auditorio de Galicia e o Teatro Principal dúas veces o ano. Os gastos de transporte serán ao 50% entre o Concello e os propietarios.

58.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade relativa á prórroga da adscrición das parcelas DEM-13 e DP-2/DI-2 do SUP-6 de Santa Marta.

Á vista do informe do xerente de TUSSA e a proposta do Concelleiro de Mobilidade apróbase a prórroga para seguir ocupando estas parcelas para o aparcadoiro libre de borde de Santa Marta. A autorización anterior era de 29 de outubro de 2009, polo que para poder seguir facendo uso destas parcelas procedía aprobar a prórroga. Seguirá funcionando de 7:00 a 19:00 horas.

59.- Proposta da concelleira delegada de mercados relativa á designación das zona a ocupar con postos de venda ambulante no Casco Histórico.

A aprobación do novo regulamento municipal de venda ambulante aconsellaba regularizar todas aquelas ocupacións de espazos públicos con postos de venda que se viñan mantendo en precario. Á vista dos informes de valoración, autorízase a instalación de venda ambulante nos seguintes sitios:

- Venda ambulante de temporada:

Praza do Obradoiro: 5 postos.

Praza da Quintana: 4 postos.

Avenida de Xoán XXIII: 3 postos.

Arco do Pazo: 1 posto.

Estes postos serán desmontables de 2x2 metros e dedicados á venda de artesanía e recordos de Santiago.

- Venda ambulante de temporada: xeados e castañas:

Porta Faxeira: 2 postos.

Paseo dos Leóns: 1 posto.

Praza do Toural: 2 postos.

Praza de Cervantes: 1 posto.

A venda realizarase en vehículos tenda.

60.- Proposta da Alcaldía de adhesión ao convenio de colaboración entre o Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música e a Federación Española de Municipios e Provincias para a posta en marcha do programa estatal de circulación de espectáculos das artes escénicas en espazos das entidades locais "Platea".

Apróbase a adhesión do Concello de Santiago de Compostela ao devandito convenio. Este programa resulta de extraordinario interese para a Concellaría de Cultura polas posibilidades de programación cultural que ofrece, o que permitirá traer varias actuacións no eido do teatro, ao que se lle suman as condicións económicas da mesma, xa que esta adhesión non ten custo para o Concello. O espazo elixido para incluír na adhesión deste Programa é o Teatro Principal, que cumpre cos requisitos que se establecen nas bases do Protocolo de adhesión entre o INAEM (Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música) e a FEMP (Federación Española de Municipios e Provincias).

URXENCIAS

1.-Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a mercantil Mercado de Abastos de Santiago Sociedade Cooperativa Galega para a campaña de Nadal 2014.

Deuse conta da firma deste convenio a XGL mediante o cal o Concello a través da Concellaría de Mercados poderase subvencionar os gastos xerados pola realización das campañas de promoción comercial e da vindeira campaña de Nadal pola Sociedade Cooperativa Mercado de Abastos, entidade concesionaria do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela. Para estas accións o Concello aportará 9.900 €.

2.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación definitiva de axudas para vivendas da área de rehabilitación integral de Pontepedriña, incluídas na 3ª fase do convenio entre o concello,o Ministerio de Fomento e o IGVS con cargo á anualidade 2013.

Aprobáronse axudas para vivendas da área de rehabilitación integral de Pontepedriña, incluídas na 3ª fase do convenio entre o concello,o Ministerio de Fomento e o IGVS con cargo á anualidade 2013 por un importe de 55.704,67 €. Sendo 27.852,38 € aportados polo Ministerio de Fomento e 27.852,29 € polo IGVS.

3.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación definitiva de axudas para vivendas da área de rehabilitación integral do Casco histórico, incluídas na 13ª fase do convenio entre o concello,o Ministerio de Fomento e o IGVS con cargo á anualidade 2013.

Aprobáronse axudas para vivendas da área de rehabilitación integral de Pontepedriña, incluídas na 13ª fase do convenio entre o concello,o Ministerio de Fomento e o IGVS con cargo á anualidade 2013 por un importe de 71.525,90 €. Sendo 40.769,74 € aportados polo Ministerio de Fomento e 30.756,16 € polo IGVS.

4.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación definitiva de axudas para vivendas da área de rehabilitación integral de Vista Alegre, incluídas na 6ª fase do convenio entre o Concello,o Ministerio de Fomento e o IGVS con cargo á anualidade 2013.

Aprobáronse axudas para vivendas da área de rehabilitación integral de Pontepedriña, incluídas na 6ª fase do convenio entre o concello,o Ministerio de Fomento e o IGVS con cargo á anualidade 2013 por un importe de 188.647,35 €. Sendo 94.323,69 € aportados polo Ministerio de Fomento e 94.323,66 € polo IGVS.

5.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento de horas extraordinarias/gratificacións por servizos extraordinarios e plus de transporte.

A proposta da Concelleira de Persoal a XGL aprobou abonar as horas extras do mes de novembro nos seguintes Departamentos e contías:

- Administración: 1.201,49 €
- Bombeiros: 1.331,13 €
- Policía: 28.666,94 €

Tamén se aprobou o pago do plus transporte ao persoal do Parque Móbil e Brigada de Vías e Obras por un importe de 853,52 €.

6.- Devolución de fianzas.

A XGL procedeu a aprobación de devolución das seguintes fianzas trala finalización e cumprimento íntegro dos seguintes contratos:

- Por contrato de servizo de cobertura fotográfica. 2.000 €.
- Realización Gala Noite Meiga 9/5/13 no Obradoiro. 1.065 €
- Realización Gala Noite Meiga 9/5/13 no Obradoiro. Festas da Ascensión. 1.535 €.
- Organización Festa dos Maiores. 1.800 €.
- Servizo vixilancia UMAD. 1.634,69 €.
- Uniformes e accesorios Policía Local. 4.243,56 €.
- Uniformes a medida Policía Local. 1.893,95 €.
- Construción CSC Santa Marta. 38.193,95 €.
- Modificado CSC Santa Marta. 4.178,97 €.

7.- Recepción de obras.

Iniciáronse os procedementos para a recepción das obras de escavación arqueolóxica e restauración e estudo do xacemento da Rocha Forte e, tamén, os trámites para a recepción das obras de rehabilitación da edificación destinada a catalizador cultural no Parque de Belvís.

8.-Informe sobre ampliación de horario nunha hora solicitado pola Asociación Hostalería Compostela.

En relación á petición realizada pola Asociación de Hostalería de Santiago, o Concello e á vista de petición de informe da Xunta de Galicia a XGL aprobou a concesión de ampliación nunha hora sobre o horario vixente para as seguintes datas: 12,13,16,17,18,19,20,23,26,27 e 30 de decembro de 2013, e os días 2 e 3 de xaneiro de 2014.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o Concello e a Escudería Compostela para o desenvolvemento do III Rallye Master de Campións.

A proposta do Concelleiro de Deportes a XGL aprobou o texto do Convenio entre o Concello e a Escudería Compostela para o desenvolvemento do III Rallye-Master de Campións, evento automobilístico programado para os días 14 e 15 de decembro. A achega do Concello para este evento é de 9.900 €.

10.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á modificación do Plan de Formación Continua 2013 do Concello.

Á vista do informe do Departamento de Persoal e RR.HH. a XGL aprobou eliminar os seguintes cursos de formación por cuestións organizativas. Ademais substitúese o curso de Xestión documental polo de ArcGis destinado ao Servizo de Cartografía. O orzamento do Plan de Formación queda fixado da seguinte maneira: formadores: 52.450 €; medios e material didáctico 2.000 €